




Vigo (1988)



Vilagarcía de Arousa (1995)

*introducido por Roma*².

O cristianismo foi situando estratéxicamente festividades nas mesmas datas das tradicionais, para que co paso dos anos rematasen prevalecendo as súas, aínda que en poucos casos foron capaces de borrar de todo o recordo. As deusas Maia e Flora substituíronse pola Virxe, que se lle dedicou todo o mes.

A celebración cristiá que pecha este ciclo é o Corpus Christi ou Corpo de Deus, na que as flores e vexetais en xeral volven ser protagonistas, pois dende moi antigo existe o costume de facer enramadas, arcos ou botar flores e follas no chan por onde pasa a procesión. No ano

1596 o concello de Santiago de Compostela ordenou ó gremio dos pasteiros que *hagan enramar muy bien la fuente de la plaza del Campo...*³. Estas flores e follas de espadana que se ciscaban no chan (como aínda o fan, poñamos por caso, en Granada), remataron en fermosas alfombras, das que sobresaen as de Pontearas e Redondela.

MANIFESTACIÓNS AGROPECUARIAS

Ademais dos maios (que actualmente son a manifestación máis popular), os últimos días de abril e primeiros de maio teñen -ou tiñan, en casos- lugar outras varias,

todas elas vencelladas coa vexetación e coa fecundidade: o 23 é a festa de San Xurxo, data en que os campesiños levan espigas de millo que trocan por outras para logo sementar e que dean boa colleita, e tamén bendicen as aguilladas de tanguer o gando, para alonxar o mal dos animais. Séguelle San Marco o 25, que era cando se organizaban as rogativas, que remataban coa bendición dos campos. O 29 é San Pedro Mártir, santo de moita devoción onde houbo convento de dominicos; a el acoden os devotos con espigas de millo e ramos de oliveira, loureiro ou ruda, que logo despois de abenzoados, sementan ou espetan nas sementeiras. Tamén mercan "rescritos" contra as chispas e

² "Ritos agrarios propiciatorios del espíritu de la Tierra en Galicia", Revista de Dialectología y tradiciones populares, IX, Madrid, 1953.

³ P. PÉREZ COSTANTI, Notas viejas galicianas, Vigo, 1926, I, p. 87.



o mal de olio, e acoden os enfermos do *ramo cativo* (histerismo). Foron famosos os de Santiago de Compostela (que se segue celebrando no convento de Belvís), o da Coruña e o de Ribadavia. Sobre o ambiente que en tal data había na capital do Ribeiro, publicou un longo poema o semanario ourensán *O tío Marcos da Portela*, en 1888, do que entrecollemos estes versos:

*Era a vila do Ribeiro
unha feira de meigallos,
un formigueiro de xente,
o demo e a nai de escánda*
[los;
*había en cada corruncho
cuasque un bosque de rama*
[llos,
un mundo de incenso e
[mirra,
*de rescritos un ouceano,
e de figas, xa non se diga,
había pra encher un carro,
e todos mercaban nelas
pra escorrentar os meigallos,
pra se librar do mal de ollo,
pra esparxer o tangaraño
e pra que o ramo cativo non
lles medrase no cacho...*



Un maio de Pontevedra.
Foto E. Acuña

Noutras partes era máis popular o *Alumear o pan* ou *Danzas do pan*, que consistía en facer unha fogueira e repetir arredor dela vellas salmodias ou dicilas individualmente á vez que se bendicen as sementeiras con un fachuco de palla ardendo. Se era centeo, repetían unha e outra vez:

*Lume ó pan,
lume ó pan;
cada espiga
seu toldán.*

Ou

*Alumear o meu pan,
Deus lle dea palla e gran:
cada gran coma un bogallo,
cada espiga o seu ferrado.*

E por non nomear xa máis, cando había cepas:

*Alumea o viño,
alumea o viño;
cada piña
seu xerriño⁴.*

Aínda que cada ano que pasa xa son menos, non faltan persoas que segan espetando pólas de oliveira ou loureiro nas sementeiras, en particular das bendecidas o domingo de Ramos.

MANIFESTACIÓNS LÚDICAS: OS MAIOS E AS MAIAS

Actualmente os *maios* son a manifestación popular máis coñecida e tamén practicada

⁴ C. GONZÁLEZ PÉREZ: "Aproximación ó 'ciclo de maio' en Galicia: Alumear o pan ou danzas da pan", Gallaecia, 9/10, 1988. Vocabulario: toldán ou toledán = medio ferrado; piña = acio.



do “ciclo de maio”. A pesar de que xa levan desaparecido en moitas poboacións, aínda é posible contemplalos igual que antano, en varias cidades como Ourense e Pontevedra, e vilas como Redondela, Sanxenxo, Marín, Vilagarcía, Combarro, Monforte de Lemos, Verín, etc.

Os maios poden ser de dúas clases:

- a) “Humáns”, cando fai de maio un neno, que se cubre con flores e follas.
- b) “Figurados”, cando é unha figura, que pode ser cónica (as máis tradicionais) ou representar un monumento, un personaxe, etc.

MAIOS “HUMÁNS”

Así eran os de Santiago de Compostela (que coa súa roupa floral a base de fionllo e espadanas, imitaban a vestimenta dos peregrinos), Ribadeo (documentados por un magnífico cadro do pintor asturiano D. Fierros, c. 1873); Lugo, A Coruña, Viveiro, Monforte de Lemos, Vilafranca do Berzo (que aínda que administrativamente pertence a León, os seus maios cantan en galego),... e varios máis, todos das provincias de Lugo e A Coruña. Os únicos que quedaban non hai moitos anos eran os de Portomarín, que adoitan ser de dúas clases, pois mentres que uns se cubren con xestas, mimosas e uces, outros prefiren a palla de centeo ou trigo. En Santiago de Compostela tense presentado

algún, en particular no ano 1993. Tamén en Vigo, pero non como tradicionais, senón imitando os do norte.

As coplas dependen da forma dos maios. Estes non se meten con ninguén, nin critican nin gaban, confórmanse con pedir *maiolas* ou *maias* (castañas curadas), unhas pesetas ou unha gotiña de viño. Así cantaban os de Portomarín:

*Aí vén o maio,
maíño é,
este é o maio
que anda de a pé.*

*Tírenos as maias
señora María,
tírenos as maias
que bailan na criba.*

*As maias podres
e o pan balorento,
denos un gotiño
pra que nos corra adrento.*

Tres maios “humáns” de Santiago de Compostela (1993)





Unha maia de Muros (1949)

Dos de Vilafranca escollemos estas estrofas, nas que tamén solicitan castañas como aguiñado:

*Marzo airoso,
abril choviñoso
sacan a maio
florido e fermoso.*

*Este maio
señora é,
este maio
cantaba de pé.*

*Tire castañas
señora María,
tire castañas
que as ten na cociña.*

*Tire castañas
señora Manuela,
tire castañas
que as ten na mantela...⁵*

MAIOS FIGURADOS

Son aqueles que, como xa queda dito, constan de unha figura feita con armazón de madeira e logo cuberta con follas e pólas (fionllo, espadana, mimosa, xesta,...), e por último adornada con flores, cascas de ovos, laranxas, etc. Os de Ourense contan con un motivo ornamental de seu,

que son os carrabouxos dos carballos.


Os tradicionais son de forma cónica (a semellanza de palloiros), máis ou menos altos, dependendo da tradición de cada zona: os pontevedreses (e o mesmo os de Marín, Vilagarcía, Redondela, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, Caldas de Reis, etc.), tenden a ser anchos e baixos; mentres que os de Ourense son altos e delgados, rematando nunha especie de campaiña porque, segundo se ten dito, antes andaban con unha na cima para avisar por onde pasaban.

Son os únicos que permiten no concurso de Pontevedra. Pero noutras poboacións hai nos tamén “artísticos”, é dicir, que representan un monumento, personaxe, etc., son propios de Ourense, aínda que últimamente tamén se ten presentado algún noutros sitios, como hai dous anos un fermoso pazo que concursou en Vilagarcía de Arousa.

Por último están os maios-barcos ou barcos de maio, que non representan máis que unha pequena embarcación moi ben adobiada con flores e bandeiriñas. Son exclusivos de Marín e Pontevedra. Tamén se diferencian dos demais en que a melodía das coplas ten certo aire de “habanera”.

Tradicionalmente os maios pontevedreses teñen o seu cemiterio no río Lérez.

⁵ H.M. SILVEIRO FERNÁNDEZ: “O maio de Vilafranca: Un maio galego fóra da Galicia administrativa”, I Xomada da Cultura e Lingua Galegas no Bierzo: A tradición oral e a lingua, Vilafranca, 1993. ⁶ Galicia the Switzerland of Spain, Methuen & Co. Londres, 1909.



Laxeiro: "O maio" (1944)

AS COPLAS OU CANTARES

As dos maios "humáns" non se meten con ninguén, non fai máis que solicitar o aguinaldo. Pola contra, as dos "figurados" son diferentes: critican, denuncian, ... sobre todo ós políticos, anque tampouco se libran outras persoas. Mesmo durante a dictadura franquista se permitiu certa liberdade, inconcebible nos demais medios de comunicación, impresos e falados. Con todo, non faltaron coplas censuradas, xa que antes de ser pre-

sentadas ó público tiñan que pasar pola peneira do Ministerio de Información e Turismo ou do concello. Isto deu lugar a que cada vez se criticasen máis as modas e, en particular, as femininas, porque era do único que se permitía falar, con aire moralizador que era o que lle gustaba tanto ás autoridades como á igrexa. A mostra témola nestas estrofas de un de Pontevedra do ano 1937, porque nesta capital nunca os deixou de haber, nin durante a guerra civil:

*Comenzamos a cantar
arredor do noso maio
saludando compañeiros
aos señores do Xurado (...)*

*As rapaciñas da vila
non fan máis que presumir
gástanvos máis en pinturas
que vos gastan en vestir.*

*Non falemos de vestir
porque é unha tontería
con esas modas que gastan
todo é unha pillería (...)*

*Levántate maio
non perdas a maña
que é a despedida
con un ¡ VIVA ESPAÑA!*


Hai uns versos pontevedreses que se fixeron tan famosos que aínda agora, anque xa son de 1923, seguen sendo coñecidos por moitas persoas. Tense dito que o seu autor poido ser o xenial Castelao:

*Señoras e señores
poñan atención
que vamos falare
do señor gobernador:*

*Nin é alto nin é baixo,
nin é malo, nin é bo
parece un reló parado
dentro da deputación.*

Daquela o gobernador tiña o despacho no edificio da deputación provincial.

Os maios de Pontevedra cantan con melodía de seu, que é diferente á das demais vilas, en cambio a forma de actuación é semellante: dentro do maio métese un neno e os compañeiros (catro ou seis) empezan a dar voltas provistos cada un de dous palitros



ques nas mans, que tocan mentres cantan eles e paran ó facelo o solista. Algúns en vez de palitroques andan con estadullos ou paos grandes, cos que petan no chan. Estes últimos abundan en Marín.

Agora destacan por número os de Redondela, que é actualmente a poboación onde saen máis, tanto dos clásicos (de forma cónica), como dos chamados "artísticos". Ó maio da Ponte, de 1968, pertencen estes versos:

*Señores do xurado
e xente en xeral
querémoslle cantar
índa que sea mal*

*Os cartos fannos falta
tamén a diversión
a ver se chegamos
a Televisión.*

*Ó alcalde lle pedimos
con toda a razón,
poña un "mexadeiro"
índa que sexa na estación.*

*No axuntamento
xa temos Biblioteca
pero pra os rapaces
que chupen a teta...*

Do «Xeitosiño», barco de Marín do ano 1978, son estas estрифas:

*Os mariñeiros
do Xeitosiño
cando saímos
pra ir pescar
non temos medo
dos temporales
índa que esteamos
en alta mar.*

*Aquí chegamos, señores,
vimos co noso barquiño
nos somos bos mariñeiros
índa que somos miniños,
temos un bo maquinista
e tamén un bo patrón
no mundo non hai outro
[barco
con millor tripulación...*

E falando de embarcacións, en 1935 tamén andaba unha por Ourense:

*(...) Chamamos a mis
[Barbaña
pra botadura
e mandounos de madriña
a sobriña do cura...*

AS MAIAS

Ata non hai moitos anos, os maios eran só masculinos, non participando para nada as nenas. Agora adoitan ser mixtos. Elas antes facían exclusi-



Dous maios de Vilafranca (1988)
Foto **Luisma**



A. Aller: A maia de Betanzos

vamente de “maias”, das que houbo dúas clases:

As propias maias son as que non están vencelladas coa relixión. Foron sonadas as de Betanzos, porque aínda a comezos deste século seguían conservando o seu propio carácter, como deixou dito a escritora inglesa Annette M.B. Meakin, que estivo alí, antes de 1909: *Na estreda vimos un fato de nenos levando un*

arco ledamente adobiado con fitas de cores. Un neno pequeno de tres anos pasaba cos ollos pechos por debaixo do mesmo, mentres os outros cantaban unha cantiga sobre o sono do inverno, entón, ó chegar á parte que se refiría á chegada da primavera e ó despertar das flores e dos paxaros, o neno abriu os ollos e volveu pasar por debaixo do arco. Polo apreciado documento gráfico



que nos deixou, podemos ver que non eran nenos, senón nenas, tanto a pequena como as que terman do arco⁶. Os ollos pechos significa o inverno: o frío, a vexetación aletargada ou morta, a pouca luz. Pola contra, a nena abríaos ó chegar a calor, a luz, o renacemento das plantas,... As maias betanceiras seguiron ata os nosos días. Semellantes eran as de Muros.

Había outras maias totalmente cristianizadas, que se dedicaban a facer altarcións moi ben adornados con flores, nos que non faltaba unha estampa, en particular da Virxe, ou unha cruz. Desta clase aínda queda algo nas terras de Vilaxoán e Carril, perto de Vilagarcía de Arousa (aunque cada ano sexa menos). As súas coplas están cristianizadas e, a diferenza dos maios, empregan case sempre o idioma castelán:


*Santa Cruz de mayo,
qué esperas abí,
espero por Cristo,
que venga por mí.*

*Principiamos a cantar
el día de Santa Cruz,
principiamos a cantar
Dulce Nombre de Jesús.*

*Ángeles somos
del cielo bajamos
si nos dan licencia
el Maio contamos.*

*Actuación de un maio
de Pontevedra.
Foto E. Acuña*

⁶ Galicia the Switzerland of Spain, Methuen & Co. Londres, 1909.



CABO

Con altos e baixos ó longo da súa historia, a festa dos maios chegou ata os nosos días, porque, malia ó mundo ateigado de sucesos e “matatemplos” que nos tocou vivir, a natureza segue chamando a atención, e -sobre todo- a sempre feiticeira chegada das flores, do rechouchío dos paxariños, do amor... Como recordan estes versos de Mondoñedo, do ano 1935:

*No tambor da lúa
tocan as estrelas.
Anuncian, gozosas,
víspera de festa.*


*Por ledos camiños
adianta Don Maio.
Trai nos verdes ollos
brincos de paxaros.*

*Verbas de namoro
lle dicen as fontes...
Aromas e soños
lle ofrecen as froles.*

*Os doces envites
non hoube Don Maio,
que amantes esperas
lle apuran o paso.*

*No bico do vento
vén chegar axiña.
Don Abril prestoulle
azas de anduriña.*

*No tambor da Lúa
redoblan os anxos.
Anuncian, gozosos,
que chegou Don Maio.*



*Un maio de Pontevedra.
Foto E. Acuña*

Todos temos a obriga moral de participar para que os maios segan durante moitos anos máis: organizando concursos, axudando na súa confección, compoñendo coplas... De non ser así, o mesmo que lles pasou a outras moitas manifestacións populares, dentro de ben pouco tempo non serán xa máis que un recordo, algo que facían os

devanceiros cando a primavera acadaba o seu esplendor cubrindo a terra de flores e froitos.



JOSÉ PAZ RODRÍGUEZ

(ver biografía en «Raigame» nº1)

Debuxo de Castelao